



A MÚSICA GALEGA NO PRIMAVERAPRO 2011

Barcelona (Parc del Fòrum), do 26 ao 28 de maio

Colectivo Oruga | Disco Las Palmeras! | Eladio y Los Seres Queridos

Igloo | Maryland | Nouvelle Cuisine



FESTIVAL PRIMAVERA SOUND

INDIE GALEGO NA SECCIÓN PRO DO FESTIVAL PRIMAVERA SOUND

Colectivo Oruga, Disco Las Palmeras!, Eladio y los Seres Queridos, Igloo, Maryland y Nouvelle Cuisine son as seis bandas seleccionadas pola organización do San Miguel Primavera Sound para ofrecer seis *showcases* dentro da sección PrimaveraPro deste festival, que se desenvolve a finais de maio en Barcelona. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) colabora coa organización do encontro, apoiando economicamente a que será a primeira participación conxunta da música galega nesta cita de referencia internacional dentro do panorama alternativo e independente.

Con tal fin, a entidade da Consellería de Cultura e Turismo promoveu un proceso de preselección de 10 grupos, que foron propostos aos organizadores do PrimaveraPro encargados de elixir as bandas que tocarán nos escenarios Vice e Adidas Originals, diante do público xeral e especializado de diferentes países que se dará cita do 26 ao 28 de maio no recinto do Parc del Fòrum. Os grupos seleccionados representan, así mesmo, diferentes correntes estilísticas no marco das tendencias musicais apoiadas polo festival barcelonés, abandeirado da escena indie en xéneros como o pop, o rock ou a electrónica, entre outros.

O festival Primavera Sound puxo en marcha en 2010 a iniciativa PrimaveraPro como unha ferramenta enfocada aos profesionais da industria musical mediante espazos de encontro e negocio, conferencias, mesas de traballo, *showcases* e recepcións, entre outras actividades específicas. A través das seis bandas finalmente seleccionadas, a música galega participará de xeito agrupado neste encontro, onde estarán representadas axencias de *management*, promotoras de concertos, distribuidoras e demais empresas do sector, ademais de prensa e organismos públicos.

O festival Primavera Sound celebra en 2011 a súa décimo primeira edición con máis de 125 grupos confirmados ata o momento nun cartel que se desenvolverá en oito escenarios. O grupo galego Triángulo de Amor Bizarro forma parte deste ampla listaxe, xunto a nomes como Animal Collective, El Guincho, PJ Harvey, Interpol ou Sufjan Stevens. A organización prevé que arredor de 30.000 persoas visiten cada día o festival, que amplía de tres a cinco os días de concertos: o 25 e 29 de maio no Poble Español e do 26 ao 28 no Parc del Fòrum.



COLECTIVO ORUGA

Guitarras, sintetizadores, *samplers*, caixas de ritmos e un *theremin* conforman o arsenal electrorockeiro de Colectivo Oruga, trío orixinario de Ponteareas (Pontevedra) que se atopa inmerso na xira de presentación do seu debut discográfico, *Too Many Knobs*, primeira referencia así mesmo do novo selo galego Matapadre.

Too Many Knobs está enchido de bases e melodías contagiosas, describindo o que a súa discográfica cualifica de “amables estridencias sonoras”, sobre as que navega a particular interpretación vocal de Iago Martínez. Completan o colectivo Álex Mera, tamén ás guitarras e sintetizadores xunto con Iago; e Cuco Pino, quen se ocupa do *theremin* e da faceta visual que o grupo despreza tanto a través dos seus vídeos e das redes sociais, como nuns directos que enriquece con diferentes matices e ambientes.

Gravado nos estudos Villa Angelina de Vigo e Litium de Pontevedra por Gonso Pedrido e Iago Lorenzo, o primeiro disco de Colectivo Oruga foi masterizado nos West West Side Studios de Nova York por Alan Douches (Animal Collective, The Rapture, Chemical Brothers, etc.). Estes grupos son algúns dos múltiples e variados referente do trío, cun son que transita camiños que se moven entre o indie e a electrónica, o synth pop e a psicodelia, entre outros moitos estilos.

Ademais de ser unha das seis bandas galegas seleccionadas para os *showcases* do PrimaveraPro, Colectivo Oruga tocará proximamente en Salamanca, Madrid, Badaxoz e en diferentes salas galegas, así como na cita coruñesa do festival Sónar.

colectivooruga.blogspot.com
www.myspace.com/colectivooruga



DISCO LAS PALMERAS!

Con só dúas guitarras e batería, Disco Las Palmeras! é quen de recrear sonoridades impropias nun trío. Unha guitarra modificada cunha corda de baixo e unha complicada armazón de amplificadores e pedais de efecto conseguen transmitir a sensación de que son moitos máis os músicos que tocan xunto a Diego Castro (guitarra e voz), Selín Pallares (guitarra) e David Lorenzo (baterías).

Nun territorio situado entre o shoegaze, o spacerock, o noise e o punk, o grupo de Sarria (Lugo) acaba de editar o seu primeiro disco, *Nihil Obstat* (Matapadre, 2011), co que confirman o prometedor camiño iniciado tras gañar diferentes concursos de maquetas e grupos noveis a nivel estatal. Producido por Iago Lorenzo e masterizado en Nova York por Alan Douches, *Nihil Obstat* é o coidado resultado dun longo proceso de gravación en tres estudos diferentes, durante o que Disco Las Palmeras! despregou unha especie de laboratorio sonoro no que se empregaron oito amplificadores, dez guitarras e máis de 50 pedais de efecto.

Tamén en concerto, o trío fai gala da forza da súa proposta, ruidosa, rápida e visceral, con volumes non aptos para todos os oídos. Vigo, Donostia, Bilbao, Oviedo, Santander, Valladolid, Madrid, Murcia, Alacante e Barcelona son algúns dos destinos da xira de presentación do seu debut discográfico, que xa está a ser considerado como unha das revelacións do ano pola prensa especializada.

www.myspace.com/discolaspalmeras



ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS

Eladio Santos é un vello coñecido do panorama musical español. Tralo seu paso por diversas formación como Medusa, Foggy Mental ou Los Tres Sudamaricones, en decembro de 2007 publicou *Esto que tienes delante*, o seu primeiro álbum en soporte físico como Eladio y Los Seres Queridos (antes coñecido como Elodio y Los Seres Queridos).


Despois de xirar por toda España, acumulando fieis seareiros e críticas entusiastas, o grupo acaba de iniciar unha nova viaxe musical coa recente publicación de *Están ustedes unidos*, na que Eladio se confirma como un artista imprescindible e demostra que o seu é poñer sons ás emocións.

Producido por Manuel Colmenero e Javibu Carretero nos estudios Sonobox de Madrid, *Están ustedes unidos* foi realizado en outono de 2010 e púxose á venda en marzo de 2011 trala súa estrea exclusiva en MySpace, onde se situou no Top10 dos discos máis escoitados.

Neste segundo traballo discográfico, os temas de Eladio Santos gañan en peso, arranxos e matices que non utilizara anteriormente. O seu pop avanza cara a melodías máis adultas e, porén, accesibles para varias xeracións a partir da súa “naturalidade sen complexos”.

Acompañan ao artista vigués nesta nova aventura David Outumuro (batería), Marcos Vázquez (programacións, sintetizador e piano) e Óscar Durán (baixo).

eladioylosseresqueridos.es | www.myspace.com/eladioylosseresqueridos



IGLOO

Igloo regresa á primeira páxina da actualidade discográfica con ∞^3 (Ernie Records, 2011), o seu cuarto disco de longa duración e posiblemente o máis persoal e elaborado desta banda pontevedresa, con seis anos de traxectoria ás súas costas e un lugar propio no panorama estatal da música alternativa.

Beni Ferreiro (guitarra e voz) asina de novo a meirande parte dos temas do álbum, no que o grupo ofrece un son máis mate e cun certo pouso de desesperanza e melancolía, en contraste con detalles como a incorporación da guitarra acústica por vez primeira na súa discografía. Trátase dun paso adiante no seu particular percorrido polos diferentes territorios do indie rock, evolucionando no marco dunha interesante proposta que xa lle valeu o recoñecemento da crítica e o apoio incondicional dun número de seguidores cada vez máis amplo.

Xunto con Beni, Pablo Lopez (baixo), Tarci Ávila (guitarra) e Fran Rodríguez (batería) atópanse xa en plena xira de presentación deste ∞^3 , que chega dous anos despois da publicación do seu anterior traballo, *La transición de fase*. Neste período, Igloo ten realizado máis de setenta directos en festivais e salas de toda España, aperturas para bandas como Franz Ferdinand e numerosas actuacións en radio e televisión, ademais dunha intensa actividade audiovisual.

www.myspace.com/iglooeskimos



MARYLAND

Tralo seu destacado debut con *Surprise* (Ernie Records, 2009), o quinteto de Vigo Maryland acaba de lanzar o seu segundo traballo discográfico, *Get Cold Feet*, no que dá un paso adiante na súa carreira cun son máis enérxico e cancións máis directas a través das que buscan reflectir toda a forza dos seus directos.

Os seus integrantes –Rubén Castelo, Arturo Gutierrez de la Cámara, Pablo Castelo, Iván Patiño e Jaime Gutierrez de la Cámara– volveron contar con Jaime García Soriano na produción, esta vez compartindo créditos con Iago Lorenzo. O disco foi gravado por Pancho Suárez de Lis nos estudos Planta Sónica de Vigo e masterizado por Alan Douches no West West Music de Nova York.

Xa tras unha primeira escoita, *Get Cold Feet* perfílase como a confirmación desta banda galega, que se sitúa no ámbito do pop guitarreiro, tan próximo ao noise como ao power-pop. Nos vindeiros meses percorreren diferentes salas e festivais de Galicia e do resto de España para presentar este novo traballo e seguir sorprendendo coa súa enerxía sobre o escenario.

marylandcoldfeet.blogspot.com
www.myspace.com/marylandvigo



NOUVELLE CUISINE

Nouvelle Cuisine é un grupo de indie pop da Coruña que leva unha década creando, gravando e interpretando cancións.

Tras catro maquetas (*Bob*, *Nouvel Essai*, *Poco hecho/muy hecho/pasado* e *La merienda*) e dous discos (*Autodictado* e *De memoria*), en 2010 Javier Garrido (guitarra e voz), Edu Poch (baixo) e Carlos Lens (batería) deciden embarcarse nun novo proxecto do que resultan os seis temas de *La guerra del volumen*, EP gravado xunto ao produtor Arturo Vaquero nos estudos Abrigueiro de Friol (Lugo) e autoeditado directamente en versión dixital. Neste novo traballo optan por non saturar o seu son e facerse oír usando sutís bases electrónicas e guitarras contundentes, sen perder de vista o seu característico coidado das melodías vocais e das letras.

Ao mesmo tempo, a banda consolida o seu directo, a través do que nos últimos tempos vén indagando aínda máis na electrónica, sempre combinada con instrumentos acústicos e co equilibrio melódico das voces, e acompañada así mesmo do soporte visual realizado por Miguel Mariño.

Entre os momentos especiais vividos por Nouvelle Cuisine nos escenarios, atópanse as participacións no Contempopránea, o Festival do Norte de Vilagarcía ou o Iberosound by Coruña do Festival Paredes de Coura en Portugal, ademais das súas actuacións en salas galegas e de Barcelona, Donosti, Madrid, Valladolid, Albacete, etc.

www.nouvelleweb.com | www.myspace.com/nouvellecuisine